



UNIVERSIDADE
DE VIGO

NORMATIVA REGULADORA DO PROCEDEMENTO PARA A TRAMITACIÓN E APROBACIÓN DE CONVENIOS NA UNIVERSIDADE DE VIGO

O artigo 2.j) da Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, modificada pola Lei 4/2007, de 12 de abril, considera parte esencial da autonomía das Universidades “o establecemento de relacións con outras entidades para a promoción e desenvolvemento dos seus fins institucionais”.

Esta facultade recoñécese no artigo 6 n) dos Estatutos da Universidade de Vigo (DOG do 05.12.03) que habilita a esta para establecer relacións académicas, culturais ou científicas con institucións españolas ou estranxeiras e fomentar os correspondentes intercambios.

Dado que non existe na actualidade unha normativa que estableza o procedemento, iniciativa e demais requisitos necesarios para a sinatura dun convenio e que garante, en todo caso, a oportunidade e legalidade dos que se pretendan asinar, ademais dun adecuado control e seguimento dos xa asinados, procede a elaboración dunha regulamentación de obrigado cumprimento para a comunidade universitaria suxeita as seguintes normas:

PRIMEIRA. ÁMBITO DE APLICACIÓN

O presente procedemento será de aplicación a todos os convenios de colaboración que subscriba a Universidade de Vigo tanto con entidades de dereito público como con persoas de dereito privado, xa sexan nacionais ou estranxeiras. Exclúense da súa aplicación:

- Os contratos regulados pola normativa de contratación do sector público.
- Os concertos con Institucións Sanitarias previstos no Real Decreto 1558/1986, de 28 de xuño.
- Os convenios para a adscrición de centros que impartan ensinanzas universitarias.
- Os convenios entre Universidades para a constitución de departamentos interuniversitarios.
- Os acordos previstos no artigo 20 dos Estatutos da Universidade de Vigo subscritos para adscribir á Universidade de Vigo Institutos ou centros de investigación ou creación artística de carácter público ou privado.



UNIVERSIDADE
DE VIGO

- Os acordos previstos na disposición adicional quinta da L.O.U. celebrados para adscribir á Universidade como Residencias Universitarias outros colexios ou residencias públicas ou privadas.
- Aqueles outros convenios que estean suxeitos á súa normativa específica.

SEGUNDA. OBXECTO

Os convenios de colaboración poderán ter calquera obxecto ou finalidade sempre que se atope comprendido dentro dos fins atribuídos á Universidade de Vigo pola L.O.U. e os Estatutos, considerándose incluídos os acordos que teñan por obxecto o desenvolvemento de investigacións, accións ou programas formativos, ou intercambio de profesores, persoal de administración e servizos e alumnos ou a realización de prácticas destes últimos, a realización de actividades culturais ou deportivas ou a prestación de servizos necesarios para a comunidade universitaria, como os sanitarios ou de transporte, a realización de actividades para o recoñecemento de créditos de libre configuración, así como calquera outro obxecto ou finalidade de carácter análogo.

TERCEIRA. REQUISITOS MÍNIMOS

3.1.- Os convenios deberán conter, ao menos, os seguintes elementos:

- a) Partes concertantes, con indicación expresa dos datos identificativos da entidade, así como o nome, a responsabilidade, o cargo e a capacidade suficiente que ostenta o que asina como representante da mesma.
- b) Xustificación da necesidade do convenio.
- c) Normativa de aplicación.
- d) Descrición do obxecto do convenio incluíndo os obxectivos e ámbitos materiais do réxime de colaboración.
- e) Actuacións previstas e compromisos das partes.
- f) Réxime financeiro, no seu caso, con expresión das contías dos compromisos, periodificación e identificación orzamentaria.
- g) Obrigas que asume a Universidade de Vigo. No caso de obrigas de contido económico deberá expresarse o concepto orzamentario con cargo ao cal vai financiarse.
- h) Mecanismos de seguimento da execución do contido do convenio, ben mediante o intercambio de información ou a elaboración de documentos de avaliación ou ben mediante a creación de comisións mixtas de coordinación e seguimento.
- i) Prazo de vixencia, entrada en vigor, posibilidade de prórrogas, forma e prazos de denuncia.
- j) Efectos da extinción do convenio sobre as actividades ou actuacións en curso.
- k) Carácter administrativo e sometemento á xurisdición contencioso-administrativa das posibles cuestións litixiosas xurdidas sobre o seu contido e aplicación.



UNIVERSIDADE
DE VIGO

3.2.- Os convenios asinados pola Universidade con outras entidades públicas ou privadas con sede na Comunidade Autónoma Galega redactaranse en galego e adicionalmente, se é o caso, na lingua ou linguas oficiais da outra ou outras entidades asinantes.

Os convenios asinados pola Universidade con outras entidades do estranxeiro ou doutras Comunidades Autónomas redactaranse en galego e na lingua ou linguas oficiais da outra entidade asinante.

CUARTA. TIPOS DE CONVENIOS

Os convenios de colaboración poderán ser dos seguintes tipos:

- a) Convenios completos de colaboración: non precisan ulteriores textos de desenvolvemento, pois esgotan en si mesmas a regulación do compromiso de que se trate.
- b) Convenios marco: que poderán desenvolverse mediante convenios ou acordos específicos.
- c) Convenios específicos de colaboración: que desenvolven un convenio marco. Estes convenios poderán aparecer denominados con distinta terminoloxía: addendas, protocolos.....

Os convenios ou acordos específicos que desenvolvan os “convenios marco” rexeranse polo seu propio clausulado, respectando en todo caso as disposicións do Convenio Marco.

Estes convenios conterán todos os extremos previstos no artigo 3 do presente regulamento, así como a referencia ao convenio marco que desenvolvan. Igualmente cumprirán as esixencias establecidas no artigo 6.

A Universidade poderá aprobar no Consello de Goberno, determinados modelos tipo de convenios que garantan que nunha mesma materia se realicen os mesmos tipos de acordos, asegurando deste xeito a uniformidade de actuación.

Unha vez aprobado o convenio-tipo, non será necesario aprobar individualmente cada un deles, nin sometelo aos controis previos que se establecen nesta normativa.



UNIVERSIDADE
DE VIGO

QUINTA. PROCEDEMENTO DE APROBACIÓN

5.1.- INICIATIVA E DOCUMENTACIÓN ADXUNTA

Terán iniciativa para propoñer a celebración dun convenio ou a adhesión a un xa asinado: o reitor, os vicerreitores, o secretario xeral, e o xerente.

Calquera membro da comunidade universitaria, os centros e os departamentos da Universidade de Vigo, poderán solicitar aos vicerreitores competentes por razón da materia que propoñan a celebración dun convenio no ámbito das súas respectivas competencias.

O propoñente será o encargado da proposta inicial, coa redacción do texto do convenio que tomará como base, na medida do posible, os “convenios-tipo” existentes sobre a materia. Revisado pola vicerreitoría propoñente a proposta inicial será remitida á Secretaría Xeral xunto co **anexo I** debidamente cumprimentado, entendéndose que dita proposta está informada favorablemente pola vicerreitoría de que se trate.

5.2.- TRAMITACIÓN

A Secretaría Xeral, en primeiro lugar comprobará que non existe un convenio en vigor sobre o mesmo obxecto e coa mesma persoa física ou xurídica coa que se pretende subscribir o mesmo. Posteriormente solicitará os informes previstos no apartado seguinte.


Se, como consecuencia dos informes, fora preciso modificar a proposta de convenio, a Secretaría Xeral remitirá copia dos mesmos ao órgano propoñente, que se encargará de facer os cambios que estimen oportunos.

As modificacións do Convenio introducidas con posterioridade á realización dos informes poderá requirir un novo pronunciamento dos órganos informantes.

Superados os trámites establecidos nos parágrafos anteriores, a Secretaría Xeral da Universidade de Vigo remitirá o convenio, ao órgano competente para a súa aprobación e sinatura.

5.3.- INFORMES

Antes da sinatura e, no seu caso, aprobación dos convenios, a Secretaría Xeral deberá solicitar os informes que se relacionan a continuación.



UNIVERSIDADE
DE VIGO

1.- En todo caso, sería necesario recabar informe da asesoría xurídica, nos seus aspectos de legalidade, agás cando se trate dun modelo de “convenio-tipo” previamente aprobado. Este informe ten carácter vinculante, de xeito que, se de acordo co ditame xurídico, o proxecto de convenio resulta contrario á legalidade, non poderá continuarse coa súa tramitación. Se, doutra parte, o ditame considera que o texto adoece de vicios subsanables, procederase, con anterioridade á súa aprobación e sinatura, a realizar as modificacións pertinentes sinaladas pola Asesoría Xurídica.

2.- A maiores segundo as necesidades, poderán solicitarse:

- Informe do Servizo de Control Interno, no caso de recoller compromisos de carácter económico ou financeiro para a Universidade de Vigo.

- Informe da Xerencia, no caso de recoller compromisos de carácter patrimonial para a Universidade de Vigo.

- Informe doutras Vicerreitorías ou Servizos que se vexan afectadas na súa competencia tendo en contra a materia do convenio.

5.4.- APROBACIÓN E SINATURA

Os convenios serán asinados polo reitor ou vicerreitor en quen delegue, sendo precisa a aprobación dos mesmos polo Consello de Goberno nos casos que, polo seu contido, así o especifiquen os estatutos da Universidade.


Os convenios serán asinados, en todas as súas páxinas, polas institucións ou empresas coas que se formalicen e polo reitor ou o vicerreitor no que expresamente delegou. Poderán asinarse de forma conxunta ou separada. Asinaranse tanto exemplares do convenio como partes asinantes do mesmo, debendo quedar un exemplar baixo custodia de cada unha das partes. No caso da Universidade de Vigo os orixinais serán remitidos á Secretaría Xeral.

SIXTA. DENUNCIA

A denuncia dun convenio, deberá ser aprobada e asinada polo reitor.

SÉTIMA. REXISTRO E PUBLICIDADE

7.1.- Na Secretaría Xeral existirá un rexistro de convenios que conterá a relación de todos os que se formalicen en aplicación destas normas de procedemento, así como a documentación correspondente.



UNIVERSIDADE
DE VIGO

7.2.- Na páxina web da Universidade relacionaranse todos os convenios vixentes. En todo caso, remitirase copia do convenio ao órgano propoñente, a outra parte asinante do convenio e a dirección da área de Comunicación.

A maiores, se o convenio ten implicacións económicas para a Universidade, remitirase copia do mesmo á vicerreitoría de Economía, á Xerencia e ao Servizo de contabilidade.

7.3.- Mensualmente a Secretaría Xeral informará ao Consello Social de todos os convenios que subscriba a Universidad ao amparo deste procedemento.

OITAVA

Por razóns de urxencia, oportunidade ou conveniencia o reitor ou os vicerreitores, nos que expresamente delegue, poderán asinar convenios sen ter que cumprir os trámites previstos nesta normativa.

Dilixencia para facer constar que esta normativa reguladora foi aprobado na sesión de Consello de Goberno do 20 de novembro de 2007.



A Secretaria Xeral

Esther M^a González Pillado



UNIVERSIDADE
DE VIGO

ANEXO I

DATOS DA PERSOA OU ENTIDADE QUE PROMOVE O CONVENIO:

NOME: _____

APELIDOS: _____

CENTRO: _____

DEPARTAMENTO: _____

CATEGORÍA: _____

TELÉFONO: _____

CORREO ELECTRÓNICO: _____

DIRECCIÓN: _____

VICERREITORÍA RESPONSABLE _____

DATOS DO CONVENIO

ENTIDADE: _____

- PERSOA DE CONTACTO: _____

- DIRECCIÓN: _____

- TELÉFONO: _____

- CORREO ELECTRÓNICO: _____

CONTIDO _____

INTERESE PARA A UNIVERSIDADE: _____

URXENCIA: _____

DOTACIÓN ORZAMENTARIA: _____

APLICACIÓN ORZAMENTARIA _____

DATA DE ENVÍO A VICERREITORÍA _____

NECESIDADE DE SINATURA PÚBLICA DO REITOR: _____

DATA: _____

NECESIDADE DE SINATURA PÚBLICA DE VICERREITOR DE: _____

- DATA: _____